

## Novas consideracións ó redor das orixes da *geada*

ANTON SANTAMARINA  
Universidade de Santiago

1. Chámase *geada* [xeáda] o hábito articulatorio dalgunhas comarcas de Galicia consistente en pronuncia-lo *g*, na maioría dos casos, como unha aspirada farínxea. Hai tamén outras pronunciacións (velar xorda, uvular, larínxea) pro a fundamental é a farínxea, que en símbolos do Alfabeto Fonético Internacional se representa por *ħ*, a xorda, e por *ç*, a sonora. No sucesivo, convencionalmente, representaremos por *h* tódalas variedades de *geada*, menos cando se trate de transcripcións doutros investigadores, que se serán respetadas.

Non é obxecto desta nota dar unha idea da distribución xeográfica das distintas pronunciacións do *g* en galego. Abóndanos aquí dar razón da existencia do paso *g* > *h*; as variantes e a súa situación xeográfica actual poderán verse a partir das primeiras cartas do *Atlas Lingüístico Galego*, de publicación próxima.

2. Lévanse dadas varias interpretacións deste singular comportamento fonético do galego. Sumariamente podemos reducilas a tres: a que ve na súa xénese un influxo sustratístico (Zamora Vicente<sup>1</sup>, Rabanal Alvarez<sup>2</sup>); a que, dada a súa modernidade, a considera debida a unha interferencia do castelán (Pensado<sup>3</sup>); e a que a interpreta como o resultado fonético normal, produto dunha asimilación progresivo-regresiva, do /*g*/ intervocálico (Schneider<sup>4</sup> e outros). A miña opinión adhírese á interpretación destes últimos e trata de xustificala con argumentos novos. Esta finalidade con-

---

<sup>1</sup> A. Zamora Vicente, "La frontera de la geada", *Homenaje a Fritz Krüger*, I, Universidad de Cuyo, Mendoza, 1952, pp. 57-72.

<sup>2</sup> M. Rabanal Alvarez, "Rasgos de sustrato en la lengua gallega", *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, Galaxia, 1958, pp. 199-218.

<sup>3</sup> J.L. Pensado, "Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geada y sus causas", *RFE* 53 (1970 [1972]), pp. 27-44. No ano 1974 seguía Pensado opinando que a *geada* tiña orixe nunha interferencia co castelán, conforme decía Sobreira xa no ano 1794: "Esta afirmación (scil. trocar *gue* por *je* e *je* por *gue* por influjo do castelán) confirma la idea de la modernidad de la geada y de su nacimiento por presión del castellano; así lo cree L. Carré y así opinamos nosotros en un artículo redactado ya hace algunos años, al que hoy tendríamos muchísimo que añadir; pero sin cambiar nada en el fondo, pues su historia es una historia frecuentemente repetida, que no es nada estraña dentro de la lingüística general". Estudio preliminar a *Idea de un diccionario de la lengua gallega* do P. Sobreira en *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Vigo, Galaxia, 1974, p. 70.

<sup>4</sup> H. Schneider, "Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien)", *VKR* 11 (1939) pp. 69-45 + 193-281. Ver especialmente o § 8 ("Die geada").

creta excúsame da parquedade de referencias bibliográficas referentes á descripción e distribución xeográfica do fenómeno.

Son pouco aceptables as dúas primeiras hipóteses. A sustratística non ten mais base de sustentación cá coincidencia, moi *grosso modo*, da fronteira da *geada* coa fronteira do país dos castros. Pro non sabemos absolutamente nada de como era a lingua dos castrexos, nin siquiera se era unha; evidentemente non sabemos se tiñan /h/ ou fonemas afíns e se carecían de /g/. Polo tanto non podemos saber como interpretaban o /g/ latino. Por outra parte, carecemos de datos referentes á antigüidade do fenómeno, pro podemos asegurar que é moderno<sup>5</sup>. Por iso, por moi longa latencia que lle concedamos ó modo de actuar do substrato, un estado latente de case dezasete séculos é imposible.

A hipótese adstratística, aparte dos inconvenientes que lle veremos mais adiante, supón unha estratexia de adquisición do /x/ demasiado complicada. Resumo as ideas de Pensado: Nun primeiro momento os galegos, ó falaren castelán, ou introduciren préstamos do castelán na súa lingua, adoptarían o /x/ como /g/ (*José* > *Gosé*, *rojo* > *rogo*), conforme fan hoxe algunhas linguas ás que é extraño o sonido /x/ (en portugués dialectal: *jo-*

<sup>5</sup> Pensado (o.c.), tendo en conta que Sarmiento non fala explicitamente da *geada*, supona posterior ó século XVIII. Hai, de todas maneiras, unhas palabras de Sarmiento que dan testimonio da *geada* e *grosso modo* da súa distribución xeográfica: "Los de Orense no son los que menos entran en la lengua castellana respecto de los otros países de Galicia, y no tienen la propiedad de confundir la *g* con la *j* y la *c* con la *s*" ("Castellanos de Orense", *pliego* escrito por Sarmiento en 1758, publicado por I. Millán en *Grial* 26 (1969), pp. 413-420). Sobreira dá tamén unha noticia moi explícita da *geada* e da súa distribución en carta do 24.4.1794 (dirixida a D. Casimiro Gómez Ortega: "Luego me será preciso hacerla (scil. la lista de instrumentos públicos que mencionan vegetales) para manifestar los principios geográficos y etimológicos de esta lengua, que se ve grecizar en Tuy y Santiago, suezizar en Santiago y Mondoñedo, cantabrizar en los mismos, latinizar en Mondoñedo y Lugo pero mucho más en Orense, cuya conjunción con Tuy, en el partido de Ribadavia, ocasiona en su comarca un otro idioma que, tomando de todos los otros y también del próximo portugués *ouvea* o *aulla* en los dip-tongos a la portuguesa como los tudenses [ou *sexa*, di *couro*, *ouro*, *outro*], *oyzea* como los de Pontevedra [ou *sexa*, di *coiro*, *oiro*, *oitro*], pero *seseando* como los santiagueses, conviniendo con ellos en el no tener la letra *J*, que, aunque la pronuncian algunas veces, es por remedar o imitar el castellano. De aquí les resulta el trocarlo todo haciendo *Gue* de la *Je*, y *Je* de la *Gue*". Esta carta figura adxunta a *Ensayo para la historia general botánica de Galicia*. Ambos textos están recollidos por Pensado en *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Vigo, Galaxia, 1974, pp. 223-267. O fragmento transcrito está na p. 223. Carballo Calero en "Geada" (reseña do traballo de M.P. Santamaría Sande, "La *geada* en la provincia de Lugo", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, VIII (1967), pp. 71-81), *Grial* 19 (1968), pp. 99-100, cita exemplos que poden atestiguar a *geada* mais de cen anos atrás: *ergida* (se non é errata) nun soneto de Pedro Vázquez de Neira escrito en 1611; e *prólojos* empregado por Xoán Correa Mendoza en 1697. Coido que podemos considerar testimonios indirectos de *geada* (por vía de ultracorrección) os que figuran nun documento de 1652: "... fuelles, fouciños, *higüelas*, taravelas, escroupes, martillos, sartenes, potes, y otros diferentes *aguas* de valor de más de veinte ducados". Arch. Hist. Univ. de Santiago, Fondo de Bienes Nacionales, Legajo 327, folios 112 v e ss. A parte transcrita pode verse en B. Barreiro Mallón, *La jurisdicción de Xallas en el S. XVIII*, Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago, 2ª ed., 1978, p. 583, n. 156.

*ta* > *gota*, *carajo* > *carago*). O seguinte paso é que os mesmos rústicos, por vergoña, pra evitaren unha pronuncia que movera á risa, aprenderon a auténtica pronuncia do /x/ castelán e restituíronllela ás palabras que previamente introduciran con /g/: *Gosé* e *rogo* volveron desta maneira a ser *José* e *rojo*. Pro esta pronuncia extendeuse ultracorrectamente tamén ás palabras que orixinariamente tiñan /g/: *jerra*, *luejo* por *guerra*, *luego*. E nun último estadio, a fobia a este /g/ vergoñento acabou extendéndose ó galego mesmo, é dicir, deixou de ser un rasgo exclusivo do castelán ultracorrecto de Galicia. E así empezaron moitos galegos, en zonas xeográficas compactas<sup>6</sup>, a pronunciar /xáto/, /áxua/, etc.

Os inconvenientes desta hipótese son a base dos meus argumentos, que son os que a continuación expoño.

3. En primeiro lugar hai que dicir que resulta equivocado identifica-lo *g* aspirado galego co *j* castelán, como fan algúns investigadores deste asunto: “La *geada* es un fenómeno lingüístico consistente en la articulación de la G oclusiva o fricativa velar sonora como una fricativa velar sorda semejante a la *jota* castellana”, dinos Pensado<sup>7</sup>. Ninguén nega que hoxe hai moita *geada* con *jota* (esta, si, por influxo do castelán), pro a mais común é unha pronuncia faringal, xorda normalmente, conforme pode comprobarse en tódolos lugares en que se rexistra este fenómeno, en especial entre xentes de idade. Nesta afirmación coinciden moitos dos observadores, principiando por Gonçalves Vian[n]a, que xa aló polo ano 1884 trataba deste asunto na súa interesante correspondencia co príncipe L.L. Bonaparte<sup>8</sup>, e mais adiante, en 1892, na súa *Exposição da pronúncia normal portuguesa*. Este famoso fonetista non chegou a definir de maneira totalmente precisa a nosa *geada* posto que, na escala de localización das guturais, de diante pra tras (*ħ* árabe, *j* castelán, *ch* alemán, *j* andaluz e *h* aspirado), unhas veces inclínase a que é mais parecido ó *ach* Laut e outras á *jota* andaluza. Pro sempre está descartada a identificación coa *jota* castellana<sup>9</sup>. Referiuse tamén á *geada* o lingüista nortemericano E.H. Tuttle, que coinci-

<sup>6</sup> O feito de que apareza a *geada* en zonas compactas e non espaxada irregularmente é tamén un argumento contra a hipótese da orixe extranxeira do fenómeno.

<sup>7</sup> Pensado non di *idéntica* senón *semejante*. Pro entón habería que aclarar que se entende por *fricativa velar sorda*.

<sup>8</sup> Véxase esta “Correspondence philologique” na *Rev. Hisp.* 6 (1899), pp. 5-51, especialmente as cartas do 27.8.84 (de Bonaparte), do 22.9.84 (de G. Viana), do 29.9.84 (de Bonaparte) e do 20.10.84 (de Viana).

<sup>9</sup> Na *Exposição*, p. 33 equipara “o *g* gallego do sul” coa *j* inicial andaluza e co *h* polaco. “Assim é proferido também o *s* final e antes de consoante surda nos dialectos andaluzes e da Extremadura hispanhola, em parte, e o *c* florentino entre vogaes, das quaes a que o procede seja átono, como la casa = *lã hãzá*”. Este sonido, que G. Viana representa por *ħ*, defínese como “velar-posterior, continuo, sibilante forte, xordo”; está entre os que el chama “pharyngeos anteriores” e “velares medios”. Sorprendentemente coloca tamén nesta mesma articulación a *j* castelá, diferente do *g* galego en que é fricativa (en *paga* de sibilante), cando resulta evidente que o *g* galego é sensiblemente mais aberto cá *j* castelá, e polo tanto, posterior.

de con Gonçalves Vian[n]a en identifica-la pronuncia do *g* galego co *j* andaluz<sup>10</sup>.

Mais adiante volveuse a referir ás modalidades da *geada* H. Schneider e, dos tres tipos de rexistra na Limia (**x**, (**x**) e **h**, de mais zarrada a mais aberta), dá como típica a segunda<sup>11</sup>; a primeira ou é enfática ou debida ó influxo da lingua oficial.

Non é mester seguir aportando mais opinións de observadores solventes.

Podería quizais argumentarse por parte dos defensores da hipótese castelanista que a *geada* inicial era con *jota* castelá, e que pouco a pouco o punto de articulación do **x** se foi retrotraendo ata a farinxe e mesmo a glote: **g** > **x** > **ñ** > **h**. Podería ser. Pro entón habería que explicar por que o castelán, que primeiro provocou un cambio nivelador non foi quen a parar despois outro disgregador.

4. En segundo lugar, as hipóteses que se basan nunha interferencia externa (sustratística ou adstratística) silencian totalmente o que ocorre co *g* en determinadas zonas en determinados contextos. Porque aparte da pronunciación aspirada (que, como é sabido, abarca integralmente as provincias de Pontevedra e A Coruña, mais da metade da de Ourense (na súa parte occidental) e unha franxa (tamén occidental) da provincia de Lugo, descontando zonas illadas no resto do territorio lingüístico galego) hai tamén zonas onde o *g*, en posición forte (aínda que non sempre) pasou a articularse como *k*: *domingo* > **domiñko**. Dáse esta pronuncia, con mais ou menos consistencia, en tódolos pobos da costa entre Panxón e Malpica<sup>12</sup>. Cara ó interior penetra ata Santa Comba, na provincia da Coruña, e ata Mondariz, na de Pontevedra. Datos mais pormenorizados referentes á extensión xeográfica e intensidade deste fenómeno hanse cartografiar desde os primeiros mapas do *ALGa*. Abóndanos deixar constancia, polo de agora, da súa existencia.

5. Coñecido isto, velahí a nosa hipótese, que basa a xénese da *geada* nun mecanismo de evolución interna, e que considera os resultados actuais como término dun proceso de selección fonolóxica de variantes fonéticas.

Na nosa opinión, a pronuncia orixinaria do *g* galego era a que aínda se dá hoxe nas zonas en que non hai *geada* (e, naturalmente, no castelán e no portugués). Noutras palabras, o fonema /g/ pronunciábase con dúas variantes fonéticas, conforme a unha distribución complementaria coñecida: **g**, oclusivo, en posición forte, e **g̃**, fricativo, en posición fraca. Entendemos por posición forte a inicial absoluta, ou ben a inicial e medial tras *-n*: *galo*,

<sup>10</sup> O traballo E.H. Tuttle, "Galician *g*", *Modern Philology* 4 (1906) só me é coñecido a través da cita e os párrafos que transcribe A. Ribalta no *Libro da Konsagración*, Madride, 1910, pp. 152-153: "In Galician ...a surd fricative similar to Andalusian *j*, intermediate to Castillian *j* and English *h*, has developed out of non-palataliced *g*".

<sup>11</sup> Schneider, *o.c.*, p. 104.

<sup>12</sup> Ver en M.C. Ríos Panisse, *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*, Santiago, Secretariado de Publicaciones de la Universidad, 1977 (Anexo 7 de *Verba*) os nomes galegos de *cangrexo* e *cóngaro* (§§ 21 e 256).

*domingo, un galo* [ **gálo** | **domiñgo** | **uñ gálo** ]. Por posición fraca entendémo-la inicial ou medial intervocálica e a inicial ou medial postconsonántica-antevocálica (exceptuando entre as consoantes o *-n*): *Lugo, o galo, os galos, carga, folgar, veiga* [ **lúgo** | **o gálo** | **oz gálos** | **kárga** | **folgár** | **béjga** ]. Mentres que a situación se mantivo nestes términos non se produciu problema fonolóxico de ningún tipo. O falante interpretaba de maneira automática as variantes **g** e **g̃** como realizacións do fonema /g/.

6. Pro a partir dun momento, posiblemente entre os séculos XVI e XVII, a variante fraca avanzou un grado mais no seu proceso de relaxamento, é dicir, pasou a aspirada; e, ó mesmo tempo, recuou varios grados no tocante ó punto de articulación. Noutras palabras, pasou de fricativa velar sonora, a uvular sonora  $\text{ʁ}$  ou xorda  $\text{x}$ , daquí ás faringais sonora e xorda correspondentes **ç**, **ñ**, e, en último extremo, ás laringais, **ɦ** e **h**, respectivamente.

Todas estas pronunciacións, especialmente a faringal xorda, que é a típica, son rexistrables na fala.

Xustifícanse estes pasos por un mecanismo normal de asimilación: se os fonemas vocálicos que preceden e seguen o /g/ se articulan sin interrumpir nada a corrente expiratoria nos órganos articulatorios, por inercia, o **g̃** que queda entre medias perde tamén o carácter fortemente constrictivo que previamente tiña. A súa vez, ó perde-lo carácter constrictivo orixinario, o punto de articulación retrotráese de maneira automática posto que ó non ser total a asimilación, é dicir, ó non convertirse o **g̃** en *çero*, o punto mais estreito que encontra a corrente expiratoria xa non está entre a raíz da lingua e o velo do paladar, senón antes, nas paredes da farinxe, ou mesmo na propia glote.

A desonorización que veu despois é un fenómeno secundario menos complexo e mais coñecido. Lembremo-la desonorización aínda recente dos fonemas sibilantes do galego e castelán.

7. Desta maneira, na fase inicial da *geada*, a distribución de variantes fónicas quedaba establecida deste xeito: en posición forte **g** (**gálo** | **domiñgo** | **uñ gálo**); en posición fraca **h** (**lúho** | **o hálo** | **os hálos** | **kárha** | **folhár** | **béiha**). Resultaba así que unha palabra como *galo* podía ser dúas pronunciacións totalmente dispares, segundo /g/ fora en posición forte ou fraca, por razóns de fonética sintáctica: **uñ gálo** | **o hálo**.

Mais agora a sustancia fonética das dúas variantes articulatorias do /g/ era tan distinta que non permitía interpretar unha como variante automática da outra. Desta maneira, a variante fraca, é dicir, a intervocálica, que era maioritaria, acabou xeneralizándose a expensas da outra: así, conforme a **o hálo** | **os hálos**, pasouse a dicir **hálo** | **uñ hálo**. E mais aínda: conforme o orixinario **uñ gálo** pasara a **uñ hálo**, **domiñgo** pasou a **domiñho**, contra o que era de esperar, posto que en posición medial, tras *-n*, nunca fora posible a variante fraca do /g/.

Desta maneira quedou abolido o fonema /g/ e quedou instaurado un fonema /h/, que carece de realizacións contextuais.

8. Pro este, que é o maioritario, non é de maneira ningunha o desenlace exclusivo. Na franxa costeira, á que nos referimos no punto 4, a reorganización da distribución dos alófonos non operou de maneira tan drástica, pois, aínda que se xeneralizara a variante fraca a tódolos casos de posición inicial (**hálo** | **un hálo** conforme a **o hálo**), respetouse a variante forte naqueles casos en que non fora nunca posible senón a variante forte. E dicir, respetouse a secuencia *-ng-* como **ng** en posición medial de palabra.

Agora ben, como fonolóxicamente un **h** e un **g**, conforme dixemos máis arriba, non son reducibles a un fonema único, a variante **h** principiou a actuar autonomamente, é dicir, fonoloxizouse en /h/, deixando deste xeito o /g/ de *domingo* nunha posición dubidosa. Dubidosa porque aínda que **g** non puidera ser considerada unha variante de /h/ (ou viceversa: **h** de /g/), dado que non dependía das esixencias mecánicas do contexto, pois /g/ era sempre **g** e /h/ sempre **h**, tamén é certo que non había nunca parellas conmutables que erixiran /g/ e /h/ como fonemas independentes de maneira definitiva.

Cómpre por tanto estabiliza-lo sistema dalgún xeito. E esta estabilización prodúcese da maneira seguinte: /k/, o outro fonema posterior implicado, e /h/ teñen garantizada a súa supervivencia dados os enormes índices de frecuencia de que disfrutaban na fala. Non se podería altera-lo /k/ sin alterar gravemente a fisonomía da fala; non se podería alterar tampouco o /h/ sin produci-lo mesmo efecto ou ben desanda-lo camiño andado (cousa, por outra parte, imposible). É pois o /g/, que ten agora un índice de frecuencia extraordinariamente baixo (por moito que estea instalado nunha serie ben trabada de correlacións: *p/b/f, t/d/θ ~ s, k/g/h*), o chamado a altera-lo seu estatuto e modifica-lo sistema sin producir unha transformación demasiado notable na fala. Esta alteración consistiu en que o /g/, que só aparecía na secuencia *-ng-* medial, principiou a interpretarse como variante alofónica de /k/<sup>13</sup>. Pro como a aparición da variante **g** fronte a **k** non estaba xustificada por determinados contextos fónicos, senón que **g** e **k** podían aparecer de maneira “considerada” arbitraria polos falantes-aprendices, en contextos fónicos idénticos (**domíngo** fronte a **θíngko**), os falantes acabaron igualando todo conforme á forma maioritaria **ngk**, cancelando así unha alternancia que non era mecánica, senón memorística, polo tanto imprevisible. Foi así como se xeneralizou *dominco* conforme a *cinco*.

9. Non é mester insistir en que o resultado **ngk** < *-ng-* é a mellor proba de que a *geada* galega non ten nada que ver con interferencias estruturais castelán-galegas. Se existira realmente aversión dos galegos polo /g/, era forzoso que este fonema orixinario se resolvera en tódolos contextos da

<sup>13</sup> Os dous únicos fonemas con que o aprendiz de falante podía identi-calos /g/ eran /k/ e /h/, os do seu propio orde. De /k/ diferenciábase unicamente no rasgo da sonoridade; de /h/, independentemente da sonoridade, diferenciábase no punto e modo de articulación. É, polo tanto, lóxico que ha desfonoloxización operara entre /g/-/k/, e non entre /g/-/h/.

mesma maneira. O feito de que actualmente se conserve *-ng-* (como *ŋk*) en algúns contextos, precisamente nun dos que tiña que aparecer a variante oclusiva *g*, xustamente naquel en que non era posible a alternancia oclusiva/fricativa porque non mudaban nunca os contextos por razóns de fonética sintáctica, demostra que a evolución foi interna, xenerada polo propio galego.

Dar razón da *geada* de maneira distinta a como acabamos de facer, é dicir, dar unha explicación particular prá *geada*, implica ter que dar outra pra *ŋk* < *-ng-*.

Neste, como en moitos outros casos, segue sendo válido o principio básico da fonoloxía diacrónica de que son preferibles as explicacións orgánicas a aquelas que consideran as evolucións como vieiros paralelos, independentes e incomunicados. Isto non quere dicir que sexamos fanáticos das explicacións orgánicas, porque, como calquera das outras, non adoitan dar conta explícitamente das causas que producen o cambio, senón unicamente das condicións en que o cambio se xenera. Neste caso coido que non hai aínda unha explicación que, como a que acabo de dar, as poña de manifesto con menos contradicións.

